

DRÁCULA, PRÍNCIPE DAS TEBRÁS

[Terence Fisher, 1966]

423

PASES EN NUMAX: 9, 15 e 20 de agosto | V.O.S.E.

Dracula: Prince of Darkness (1966, 90')

Dirección: Terence Fisher

Guión: John Sansom

Elenco: Christopher Lee, Barbara Shelley, Andrew Keir, Francis Matthews, Suzan Farmer, Charles Tingwell, Thorley Walters, Philip Latham, Walter Brown

Montaxe: Chris Barnes

Dirección de arte: Don Mingaye

Vestuario: Rosemary Burrows

Fotografía: Michael Reed

Son: Roy Baker, Ken Rawkins

Música: James Bernard

Produtoras: Hammer Film Productions (Reino Unido)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La maldición del hombre lobo, 1962

Las novias de Dracula, 1960

El perro de Baskerville, 1959

La momia, 1959

La venganza de Frankenstein, 1958

Dracula, 1958

Extraño suceso, 1950

PREMIOS E FESTIVAIS

Hugo Awards 1959 (Nomeado a mellor presentación dramática)

SINOPSE

O padre Sandor, abade de Kleinberg, envía unha mensaxe aos membros dunha expedición que se dirixe ás montañas, aconsellándolles non seguir adiante. A pesar do aviso, os Kent deciden continuar a viaxe. Ao se facer de noite, o seu aterrado condutor négase a seguir avanzando e os abandónaos en medio do bosque. En tal circunstancia, aparece unha misteriosa carruaxe negra que os conduce a un enorme e misterioso castelo, onde son hospitalariamente recibidos polo mordomo do defunto conde Dracula.

«A ameazante e complexa presenza de Christopher Lee domina a pantalla»

David Jenkins, TIME OUT LONDON



DRÁCULA, PRÍNCIPE DAS TEBRAS

[Terence Fisher, 1966]

“O diaño ten sempre o seu atractivo”

Entrevista con Terence Fisher

Por Salvador Sáinz (1976)

Como definiría os seus filmes señor Ficher? Como contos de fadas para adultos.

Coñece o cinema fantástico español? Si, e non me gusta nada, hai demasiado sexo e violencia. Isto ocorre tamén noutros países, o exceso de violencia ten raíces culturais pero tamén hai motivos mercantís. Non vin moitos filmes fantásticos españois porque en Inglaterra distribúense moi pouco. Ademais existe unha censura moi forte non? É difícil rodar aquí?

Os filmes españois adoitan ter dobre versión, a estranxeira ten moitos espidos, xeralmente gratuítos, non teñen ningunha xustificación. Pero no seu cinema tamén hai moito erotismo.

Eu saco o erotismo cando a trama así o esixe. Agora faise para gañar diñeiro. En certa clase de cinema fantástico existe ademais unha misoxinia galopante. As mulleres son sempre as vítimas e asústanse con demasiada facilidade.

Pódeme falar dos actores de cinema fantástico? Christopher Lee é un soberbio drácula, non creo que ningún actor traballase este papel coma el, o seu porte e os seus movementos están moi coidados. Lee ten unha grande habilidade en dar emoción ás súas escenas. Béla Lugosi era todo melodrama, Christopher Lee pura realidade. O diaño ten sempre o seu

atractivo. Peter Cushing era un soberbio Van Helsing, un actor moi agradábel. Traballei tamén con Boris Karloff na serie *Colonel March of Scotland Yard* (1954), era un home moi xentil, de situacións moi simples sacaba moito proveito.

Que filme de terror prefere dos anos trinta? *La novia de Frankenstein* (1935), de James Whale, sen dúbida.

Cales son os seus filmes favoritos entre os que dirixiu? *Drácula* por ser un filme moi compacto e *La maldición del hombre lobo* (1961) porque é unha historia de amor.

Publicado en bloodyplanet.com

“Quixen subliñar o conflito entre os poderes do Ben e do Mal”

Entrevista con Terence Fisher

Por Gary Parfitt (1976)

Cando o personaxe de John Van Eyssen se encontra a Drácula a tensión vén sobre todo pola luz. Si, efectivamente. Ese é un caso de iluminación moi interesante, tiña que ser desa maneira e Jack Asher axudoume a levalo a cabo. Era obvio que o público ía escachar de risa cando Drácula fixese a primeira aparición, así que mostrei só a súa silueta. Non amosei o seu aspecto frontal. Cando baixa as escaleiras a súa presenza faise visíbel

e aí xa non había lugar á broma. As risas pararon. Era fascinante.

A primeira aparición de Drácula é moi sutil pero a segunda con Valerie Gaunt na biblioteca, é impactante. Así tiña que ser, reflexa a rabia do vampiro.

Os teus filmes sempre tratan da tensión do Ben contra o Mal. Por que te obsesiona este tema? É diso do que vai a vida, non é? É unha das esenciais da existencia. Tamén me interesa o atractivo do Mal. Sempre quixen, na interpretación da palabra escrita e no contexto das historias, subliñar o conflito entre os poderes do Ben e os poderes do Mal e o poder de sedución deste último. Moitas veces os críticos trátanme de sensacionalista, mais nunca introducín un só plano que non considerase oportuno no relato emocional da historia ou no contexto do guión.

Amais deste antagonismo que outros temas tentaches desenvolver nos teus filmes? Gústame que os filmes falen por si propios e eu simplemente axudo a que destaquen certos elementos, a atracción do vampirismo, por exemplo, coas súas trabadas no pescozo. Tentei suxerir un atractivo sexual do vampiro. É unha das grandes fortalezas de Drácula. Ten tres sobre todo. Unha portentosa fortaleza física, o poder de moverse no tempo e no espazo, e un forte atractivo sexual exercido sobre as súas vítimas femininas, se ben na época en que foi feita *Drácula* non se podía explicitar moito as accións.

Publicado en telenet.be/
Traducións: Xan Gómez Vías

NA LIBRARÍA NUMAX

Drácula 73; Los ritos satánicos de Drácula; Drácula; El príncipe de las tinieblas, Terence Fisher. Feel Films [DVD]

Drácula, Bram Stoker. Debolsillo, 2011

Nosferatu, F.W: Murnau. Divisa [DVD&BluRay]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!